

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	42
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	47
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	51

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo,

adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e

dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de

España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio! A muller na música na Idade Media. Os oficios musicais ou a consideración do música durante esta época. A ópera e outros xéneros escénicos.	Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.	15	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A música en Europa. Uso de Itunes e Windows.	<p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomará o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal. Visibilizaremos ás mulleres músicas silenciadas polo machismo cultural. Os medios de reprodución da música hoxe.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	15	12	X		
2	A muller na música no Renacemento. Os oficios musicais. Música e cine. Cine mudo e música. Música en Europa (II)	<p>Con esta unidade, no inicio do curso, preténdese desmitificar os roles de xénero e romper os estereotipos tan ligados á música e á danza, e que, a día de hoxe, aínda están sumamente arraigados na sociedade. A través dunha viaxe pola historia da música ata a actualidade, saberemos da existencia de grandes compositoras e intérpretes mulleres que quedaron no esquecemento, de como o ballet nace sendo masculino, entroques hoxe en día as academias de ballet adoecen da falta de alumnos varóns, a pesar de que ao longo da historia son os que recibiron o recoñecemento como coreógrafos. Así mesmo, reflexionaremos sobre a situación actual das mulleres na música e dos homes na danza. Isto farémolo a través da investigación, do visionado, da escoita activa, da análise crítica e da interpretación musical e dancística.</p> <p>Coñeceremos a presenza, funcións e importancia da música nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: o cinema. interpretación de obras do cinema.</p>	10	12	X		
3	A muller na música durante o Barroco. Os oficios musicais. O jazz. Editar partituras, tipos de editores. A música en Europa (III)	<p>Nesta unidade coñeceremos as orixes do Jazz, as súas características e a súa evolución e influencia nos estilos que deron lugar á música popular. E farémolo a partir dun coñecemento básico e xeral das súas especificidades, dunha selección de artistas, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia; da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de audicións representativas dos diferentes estilos, da linguaxe musical, da lectura rítmica e melódica de partituras e da interpretación e improvisación vocal e instrumental. Comezaremos o estudo das variantes</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A muller na música durante o Barroco. Os oficios musicais. O jazz. Editar partituras, tipos de editores. A música en Europa (III)	musicais Europeas. editar as nosas creacións musicais. Coñecemento de soportes varios.	10	11	X		
4	A muller na música durante o Clasicismo. Os oficios musicais. O sistema MIDI. A música Latinoamericana.	Nesta unidade achegarémonos á música Latinoamericana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das súas características definitorias como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos. A través da interpretación vocal, instrumental e coreográfica, da composición musical e coreográfica, da escoita activa e do visionado, da análise reflexiva e crítica de audicións ilustrativas e das súas linguaxes (estética, xestual e textual); e na linguaxe musical, a rítmica, a melódica, a harmónica e a organolóxica.	10	12		X	
5	A muller na música durante o Romanticismo. Os oficios musicais., o cambio da consideración social do mesmo. O rock MIDI (II) A música en África	A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas de África. A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia. Isto farémolo a través do visionado, da escoita activa e da análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios. Tamén, a través da interpretación e da creación de proxectos audiovisuais onde a música rock sexa a protagonista.	10	12		X	
6	A muller na música a finais do século XIX. Os oficios musicais. O rock (II) Programas para compoñer. A música en África (III)	A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas.	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	<p>A muller na música a finais do século XIX. Os oficios musicais. O rock (II)</p> <p>Programas para compoñer. A música en África (III)</p>	<p>A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia. Coñecemento de programas de edición.</p>	10	11		X	
7	<p>A muller na música no século XX.</p> <p>A música e a danza en Galicia, en España e no mundo. Formas dixitais de audio. A música en Asia.</p>	<p>Nesta unidade aprenderemos a grande diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música tradicional española e galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico do noso país. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical ou dancística coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música española e galega. Coñecemento das formas dixitais de audio.</p>	10	12			X
8	<p>A muller na música do século XX (II).</p> <p>Os medios de gravación do son e voz Audacity. A música en Asia (II).</p>	<p>Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional de Asia. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico de Asia. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e dancística, coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música asiática. Experimentaremos coa gravación do son e a voz.</p>	10	11			X
9	<p>A muller na música no século XXI. Profesións actualmete relacionadas coa música.</p> <p>A música nas artes escénicas. A radio. A música na publicidade. Secuenciación de sons</p>	<p>Nesta unidade estudaremos as artes escénicas nas que está presente a música: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. A través dun coñecemento básico das súas especificidades, do visionado de exemplos ilustrativos, da interpretación vocal, instrumental, coreográfica e dancística,</p>	15	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A muller na música no século XXI. Profesións actualmete relacionadas coa música. A música nas artes escénicas. A radio. A música na publicidade. Secuenciación de sons	aprenderemos a importancia, presenza e función que desempeña a música en todas elas. Así mesmo, coa planificación, realización, participación, actuación e gravación de propostas musico-escénicas e coreográfico-dancísticas o alumnado adquirirá significativamente os contidos e tomará plena conciencia da importancia da música nestas artes. Aprendermos a gravar o son na radio así como coñecer a estratexia musical que ten parte importante na publicidade actual.	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Silencio! A muller na música na Idade Media. Os oficios musicais ou a consideración do música durante esta época. A ópera e outros xéneros escénicos. A música en Europa. Uso de Itunes e Windows.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	TI	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler células rítmicas básicas (negras, corcheas, semicorcheas) co sentido do pulso en clave de sol (Do4-Do5) Analizar e describir os elementos básicos dunha partitura: ritmo, melodía, símbolos musicais		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas da interpretación individual e grupal, instrumental (placas, frauta ou outros) e vocal (afinación) co uso da memoria rítmica e melódica, e a lectura de partituras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.

UD	Título da UD	Duración
2	A muller na música no Renacemento. Os oficios musicais. Música e cine. Cine mudo e música. Música en Europa (II)	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os aspectos técnicos e estilísticos a partir da escoita ou visionado de obras ou fragmentos traballados na unidade, nos que as mulleres na música e os homes na danza son protagonistas.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar criticamente, a partir dunha perspectiva histórica e cultural, a discriminación que sufriron e sofren mulleres e homes no mundo da música e da danza. Reflexionar sobre posibles solucións.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Recoñecer, valorar e respectar os axentes que interveñen nunha obra musical ou dancística, e os seus rasgos estilísticos básicos.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con respecto e corrección técnica en formación orquestral ou vocal unha obra ou fragmento dunha compositora, e unha danza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.
- Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
3	A muller na música durante o Barroco. Os oficios musicais. O jazz. Editar partituras, tipos de editores. A música en Europa (III)	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar obras ou fragmentos da música Jazz, traballados na unidade, identificando as características básicas e os rasgos estilísticos que os definen.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical que caracterizan o Jazz, impartidos na unidade, a través da análise de partituras e das ferramentas dixitais aplicadas á escoita e á investigación.	PE	40
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a orixe e evolución do Jazz nos diferentes estilos, as súas características máis representativas e as compositoras, compositores e intérpretes destacados de EE UU, Europa, España e Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alieo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado, análise e improvisación, valorando o patrimonio cultural da música Jazz través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de Jazz. Improvisar individualmente sobre un estándar de jazz seguindo as pautas dadas.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreográficamente unha peza estruturada, empregando elementos improvisados pautados ou libres traballados na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías de jazz traballados na aula, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	A muller na música durante o Clasicismo. Os oficios musicais. O sistema MIDI. A música Latinoamericana.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a partir da escoita ou visionado as características traballadas na unidade (musicais estilísticas, técnicas e estéticas dos xéneros máis emblemáticos), encadrándoos no contexto.	PE	40
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical que caracterizan a música popular, impartidos na unidade.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a música popular e os seus diferentes estilos/xéneros, as súas características máis representativas e os/as compositores/as e intérpretes máis salientables de EE UU, Europa, España e Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alieo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música popular a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar en grupo con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de música popular.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler as partituras ou os fragmentos de cancións da música popular, que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos, e formáis.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha canción empregando as técnicas adecuadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.

UD	Título da UD	Duración
5	A muller na música durante o Romanticismo. Os oficios musicais., o cambio da consideración social do mesmo. O rock MIDI (II) A música en África	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar e identificar a partir da escoita e visionado as características máis definitorias de exemplos musicais da historia da música no cine e nos medios audiovisuais, encadrándoos no contexto.	PE	40
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a importancia e función da música, desde unha perspectiva histórica, nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, etc., así como na actualidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado e análise, valorando a través da identificación das súas especificidades as producións audiovisuais propias ou alleas.	TI	60
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Realizar con creatividade unha proposta audiovisual usando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais axeitadas e as interpretacións ou elementos inepretativos musicais e dancísticos, propios ou alleos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na realización dunha proposta audiovisual artístico-musical colaborativa, respectando as achegas e as producións dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
6	A muller na música a finais do século XIX. Os oficios musicais. O rock (II) Programas para compoñer. A música en África (III)	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música das culturas máis emblemáticas, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que os definen	PE	40
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música das diferentes culturas.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características definitorias, dadas na unidade, en relación á linguaxe da música e da danza nas principais culturas do mundo, identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar instrumental ou vocalmente pezas doutras culturas e improvisar con escalas pentatónicas, a partir dunhas pautas dadas na aula, aplicando tamén ferramentas tecnolóxicas na gravación final.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreograficamente unha peza estruturada empregando elementos improvisados, pautados ou libres, impartidos na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías doutras culturas que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha peza musical representativa doutras culturas, aplicando as técnicas adecuadas aprendidas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.

Contidos

- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	A muller na música no século XX. A música e a danza en Galicia, en España e no mundo. Formas dixitais de audio. A música en Asia.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado as obras ou fragmentos impartidos nesta unidade, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características, instrumentos e trazos estilísticos máis definitorias en relación á historia e á linguaxe musical e dancística, evidenciando respecto, tolerancia e interese.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos básicos da linguaxe musical e dancística das mostras impartidas na unidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural das músicas do mundo a través da identificación das súas especificidades.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos das melodías traballadas na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria as pezas representativas da música tradicional española, aplicando as técnicas adecuadas traballadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
8	A muller na música do século XX (II). Os medios de gravación do son e voz Audacity. A música en Asia (II).	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música galega máis emblemática, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que a definen.	PE	40
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características máis definitorias da música tradicional galega en relación á historia e á linguaxe musical e dancística identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música e a danza de Galicia	TI	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Coñecer e valorar a través da análise e da escoita, os elementos máis identificativos da linguaxe musical e dancística galega traballados na unidade.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar dancisticamente unha coreografía dos bailes típicos de Galicia (muiñeira e xota), con partes improvisatorias pautadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías da temática da unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental e vocalmente de memoria, cancións representativas da música tradicional galega impartidas na unidade, aplicando as técnicas adecuadas.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar en agrupación vocal ou orquestral as cancións ou melodías da música galega impartidas na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agóxica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.

Contidos

- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
9	A muller na música no século XXI. Profesións actualmete relacionadas coa música. A música nas artes escénicas. A radio. A música na publicidade. Secuenciación de sons	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado, obras ou fragmentos das artes escénicas impartidos na unidade, identificando as súas características básicas e rasgos estilísticos que os definen.	PE	40
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Aprender a valorar, a través do visionado, as diferentes manifestacións artísticas escénicas, sen os prexuízos dos roles de xénero.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer e valorar as artes escénicas, as súas características definitorias e a presenza e relevancia na actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan as artes escénicas.	TI	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio musical escénico a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección, controlando emocións e expresividade, unha danza ou performance da temática da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.

Contidos

- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación consta de nove unidades didácticas (Seguindo o libro/ EDIXGAL do alumno da editorial NETEX) arredor de diferentes centros de interese: o difícil papel das mulleres na Historia da Música, o jazz, a música popular urbana, a música nos medios e producións audiovisuais, as músicas e danzas do mundo, a música en España e Galicia, a música nas artes escénicas, a gravación do son ou a edición de partituras e comporsición, música e espectáculo... Algúns contidos das primeiras unidades están pensados para ser aplicadas ao longo do curso en case todas as unidades por igual, xa que os coñecementos da linguaxe e das destrezas musicais interpretativas son acumulativos. O mesmo sucede coas dúas primeiras unidades, xa que os seus contidos son transversais na materia de música; polo tanto, a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo. Por exemplo, á vez que traballamos a unidade sobre música popular urbana, podemos engadir contidos

doutras unidades relativos á música e tecnoloxía, ou preparar ao alumnado para actuar en público, como ven sendo habitual nesta materia tan procedimental e do mesmo xeito que acontece en cursos anteriores. En todas as unidades farase un repaso da Historia da Música para contextualizar a vida e obra das mulleres músicas en cada etapa, de xeito que repetiremos algúns instrumentos e procedementos para traballar algúns contidos, así mesmo como apuntamos arriba, podemos estar a traballar unha destas etapas e empregar a gravación de son na radio con este motivo, misturando, polo tanto, e de xeito moi efecivo, unidades diferentes.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización. É dicir, a base desta programación é aprender facendo (Procedementos).
- A planificación do ensino ten sempre como base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da análise crítica, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos. Superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaránse diferentes situacións de aprendizaxe, que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos e sempre partindo dunha visión global onde os

novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado. E teñan así mesmo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula e a atención á diversidade, proponendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de

presentación dos contidos, para descubrir os coñecementos previos do alumnado, e actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último, destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación, como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Outros posibles procedementos que guíen a nosa práctica docente son:

- * Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e a sociedade.

- * Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describir as principais características.

- * Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a diferentes músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación á información obtida en distintas fontes: libros, musicais, publicidade, concertos...

- * Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal u instrumental ou unha coreografía aprendidas de memoria a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo ou mediante lectura a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

- * Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias

para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión...

- * Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais.

- * Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros nun fichero MIDI, utilizandoun secuenciador ou un editor de partituras.

- * Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utiizando diferentes recursos informáticos.

- * Saber recoñecer, ler, escribir e reproducir os elementos da linguaxe musical.

- * Distinguir as diversas funcións que cumple a música na nosa sociedade.

- * Analizar os procesos de produción musical valorando a intervención dos distintos profesionais.

- * Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión e cine.

- * Saber analizar obras musicais atendendo ás súas características formais e rasgos estilísticos máis significativos.

- * Empregar terminoloxía adecuada á análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.

- * Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música.

- * Conseguir a visión crítica con respecto á música comercial, estratexia de venda e letras das cancións actuais.

* Visibilizar o papel de tantas mulleres que por selo quedaron atrás como profesionais da Música.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimúsica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936
Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A: "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Web www.atrilcoral.com
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.
Quintas Suárez, M. "Guía didáctica de Instrumentos Galegos" Ouvirmos Galicia 2011. ISBN 978-84-938276-2-5

Díez, Rechou, R. M. A bailar! Unidades didácticas para secundaria. Edicións Lea 2008. ISBN 978-84-95444-89-9
Varias autoras. "Música y mujeres. Género y poder" Edición Marisa manchado. Ménades 2019. ISBN 978-84-121285-0-5
Beer, A.. "Armonías y suaves cantos. Las mujeres olvidadas de la música clásica". Barcelona 2019. ISBN 978-84-17346-61-4
Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.

Actualmente o alumnado trae o seu propio instrumento, ben frauta, melódica ou ukelele. Seguen a a aportarse partituras adecuadas ás veces á actualidade, ás veces ás necesidades de cada unidade e ao nivel da clase. Emprégase libro de texto e caderniño e os CD audio da proposta didáctica da editorial EDEBÉ.

- * Canón de vídeo.
- * Piano.
- * Guitarra.
- * Instrumental ORFF.
- * Ukeleles, frautas, melódicas de aula (Para prestar ao alumnado)
- * Micrófono. *Aula Virtual habilitada na páxina web do centro. * Libro de texto e caderniño EDIXGAL. * Páxinas web interactivas e multimedia. * Material de audio e vídeo.
- * Xogo de atrás, tres, á espera de renovación.
- * Equipo de radio (Na biblioteca do centro).
- * Altofalante portátil con micro incorporado.

Finalmente, poderanse propor algún dos seguintes libros de lectura obrigada na casa, sempre que o horario o permita:

- Joseph Gelinek, La décima sinfonía, El violín del diablo.
- Javier Urzay, La ópera secreta.
- Michael Crane, El violinista de Praga.

- Steve López, El solista.
- Steven Galloway, El violonchelista de Sarajevo.
- Fernano Argeta, Pequeña historia de la música.
- Peter Harris , El enigma Vivaldi.
- Eitan Melnick, La clave Wagner
- N.J.Grace, El músico bromista.
- Mónica y Hans-Günter Heumann, Hª de la música para niños.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Escritos: - Tarefas diversas do alumnado na actividade diaria da clase. (Exercicios libro)

- Actividades diversas de avaliación de aprendizaxes e de competencias básicas. (Fichas)

- Proceso seguido na análise de partituras.

- Actividades TIC: interactivas, vídeos, audios, enlaces a Internet.

- Caderno del alumno, caderno do libro.

- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, traballos de documentación na casa, etc.).

- Traballos cooperativos.

- Cuestionario escrito en resposta a contidos xa dados, e que veñen no libro de texto (relativos a Linguaxe musical e a Historia da Música).

* Diario musical.

Orais: - Interpretacións individuais e grupais (instrumental)

- Participación do alumno.

- Intervencións na clase, no traballo cooperativo, etc.

- Exposición dos traballos.

- Respostas demandadas durante a clase.
- Recomendación ou suxestións (tarefa voluntaria) de actividades musicais que se están a desenvolver nas redes ou de difusión nos medios.

Outros: Ficha de rexistro individual.

- Rexistros para la avaliación continua del grupo-clase.
- Auto avaliación.
- Blog de notas diarias da profesora.
- Observación e anotación dos progresos.
- Orde e aportación semanal do material de actividades interactivas.
- Partitura aportada para interpretación e posterior gravación de audio e vídeo.
- Traballos varios (creación, edición e composición) na páxina web Toy Theater.
- Repaso online tipo test con Kahoot. Análise de Audio e /ou vídeo de monografías musical (Beethoven for kinder)
- Gamificación (exercicios interactivos tipo test) - Traballos resultantes de web musical interactiva e multimedia.

POSIBLE BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA AO ALUMNADO:

- "Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para leer individualmente ou grupo.
- "Flip a rhythm" 4 volúmenes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans, ou en parellas ou grupos.
 - "Body Tap" pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de

samba, reggae, swing...

- "Na punta do pé". Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD.
- "Danzas del mundo 2"
- "Músicas del mundo"
- "Musicalia Orff-instrumentarium" libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff.
- "Breve historia del rock". Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock.
- "Breve historia del jazz" libro e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz.
- "El canto en la historia y en el mundo". Libro e CDs con fragmentos musicales de distintos estilos, ilustracións, bibliografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo.
- "Voyage a capella". Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical.
- ""Folklore musical Español" colección de 12 libros co cancionero de Nadal, cancionero infantil español, cancioneros de distintas comunidades autónomas de España.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais.

- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa.
- "Der junge Pop chor": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés.
- ""An exciting new game for children of all ages". Partitura de música contemporánea, disposta coma un tableiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e os participantes producen sons, ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos.
- Guía didáctica de Instrumentos Galegos. Libro e CD que presenta unha exhaustiva clasificación e descrición dos instrumentos galegos

- A bailar! Unidades didácticas para secundaria.
- Armonías y suaves cantos. É un libro que pon en valor o talento creativo dalgunhas das grandes intérpretes e compositoras da nosa cultura.
- "Música y mujeres. Género y poder" Ensaio que achega luz sobre aquelas mulleres que compuseron, cantaron, tocaron e ensinaron música
- "Musescore": programa gartuito de edición de partituras.
- "Audacity": programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio.
- "Garageband": programa gratuito para sistema Mac co que se pode grabar música e mezclar e manipular pistas de audio.
- "Music maker jam": app que é pequeno estudio de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuita con algúns contidos de pago.
- "ireal": app de pago que funciona como un minus one, é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema armónica da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gratuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuita

con algunhas partes de pago.

- "Web atril coral": web con partituras de coro gratuitas de todas as épocas e estilos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado dos cursos anteriores (2º e 3º).

Na primeira unidade, ademais de coñecer, analizar e reflexionar sobre a importancia do silencio na música e das consecuencias para a nosa saúde do uso indiscriminado e da contaminación sonora, faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras e de práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas darán a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	10	10	10	10	10	15	100
Proba escrita	0	0	40	40	40	40	40	40	40	30
Táboa de indicadores	100	100	60	60	60	60	60	60	60	70

Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os que seguen:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 os traballos individuais de avaliación sobre a busca de información e documentación dos contidos de cultura musical e historia da música, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, así como os traballos de edición, produción, composición musical e gravación do son sendo logo un 60% da nota final. Estes traballos teóricos serán sempre escritos, expostos na clase oralmente. Neles valorarase a orixinalidade, a calidade de redacción e exposición, a utilidade e comprensión para os demais compañeiros da clase, o aproveitamento da síntese das ideas principais e a claridade nos contidos e finalmente a aportación musical ou visual se a houbera.

Os traballos poderán ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

Diariamente faremos en clase unha primeira toma de contacto con cada tema do que tomarán apuntes, farán esquemas e irán facendo unha especie de diario (caderno) de clase. Este suporá un 20% da nota final da materia, e terá en conta a limpeza, a orde e a presentación ao igual que a claridade e calidade dos contidos.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as

actividades de interpretación instrumental, vocal, ejercicios prácticos de lectura rítmica/melódica. Esta parte supón o 20% restante para completar a nota final de cada trimestre na materia.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia en cada trimestre, acádase cunha puntuación mínima de 5, resultante de aplicar ás notas de cada actividade a porcentaxe arriba detallada.

A avaliación final será o resultado da media aritmética das notas dos tres trimestres. En todo caso non se considera superada a materia se na nota final non se acada un cinco como mínimo.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8 e sempre antes condicionado este redondeo á participación, atención e actitude na clase.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos

contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.

2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

- Actividade de apoio, reforzo, ampliación e titoría: O alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de apoio, reforzo e ampliación, coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos. O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora,

escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos

- Criterios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos: A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, así como metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función

da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Podéranse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo, entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previstas no perfil de saída, e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia lles custa máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Creatividade	X
ET.3 - Autonomía	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: Traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... melodías, patróns rítmicos...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 1 ata 9. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.

- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.

- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades da 1 a 9, a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc	X	X	X
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo	X	X	X

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a partir da interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral. O alumnado de 4º ESO participará do mesmo xeito que os outros cursos (2º e 3º) nas actividades musicais do centro detalladas na programación dos devanditos cursos. Así mesmo, deseñaranse viaxes e saídas adaptadas á conveniencia do seu temario.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou Acadada ou inadecuada.
Metodoloxía empregada
Eficiente ou non.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de

avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: valorar se estes se adaptan ao curso; se se poden acadar coas unidades propostas, así como a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de

recuperación, etc.

- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades lles parecen adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.

- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores seguintes: ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado, pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado, do mesmo xeito que para os cursos anteriores e descritos nesta programación.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente

acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados